

O REQUINTO INTERNACIONAL

Evaristo López Moure, nace n'A Habana, cando Cuba era un dos destinos da Gallaecia emigrante. Neno abre os ollos das estirpes de Berredo e de Buxel para saber que existe a vida por primeira vez e por de fóra. Nos poucos anos a familia decide resolver a saudade e regresa ás orixes. Adolescencia e xuventude son labregas, mais Evaristo soña e quer a música das Bandas Populares que escoita na contorna da Terra do Medio, onde cada casa da aldea ten un músico en potencia e sentimento. Andrés Vilariño Porral, mestre director da Banda de Brántega, no concello d'Agolada, recibe na súa moradía aqueles ollos, labios, palabras, dedos que moven repeniques nas caravillas do instrumento que el quer de axiña e *presto vivacce*: o requinto!, decide o mociño para que o solfeo, as partituras, os sons da vida medren na espiral da maxia. Axiña aprehende. E o Mestre sabio, da inalcanzábel mornura, dá oportunidades para voar nas festas populares: parroquias e concellos, esas administracións de máis achego, dan sona aos músicos merecentes. Vintedous anos e xa Evaristo albisca de volta o mar océano, alén de Cuba, a Illa grande dos Galegos, aberiando o peito do Amazonas, decidindo o esteiro da Plata, o río inmenso que rega e nutre a Bos Aires, a cidade capital onde os galegos ancoran, aterran, entran e procuran, ofrecen, aman, e por acaso fican en demasía para sempre.

Evaristo leva o requinto, ese *pausíño que fai música*. No soño breve da cidade que espabila máis que anda, que voa máis que corre, o tempo achicase e dá desacougo atopar o cesto para a sorte. A Gallaecia leva no sangue a resistencia. E velaí o Músico de Cuba e de Berredo no seu lugar de asento e de cariño: unha cadeira para seguir soñando. O Mestre Juan Francisco Giacobbe, pianista, formado na Sorbona de París foi o seu profesor nas materias de composición. Estuda, traballa, e viceversa. Remata os cursos de profesor de clarinete; ensina no conservatorio Manuel de Falla, onde ostenta a cátedra; aprehende e soña nas sendistancias. No 1982, con cincuenta e sete anos, alcanza a especialidade en composición, que imparte ata que se xubila no Conservatorio de Bos Aires.

Velaí un resumo acelerado de oitenta e catro anos de vivir a vida en alzas. De soñar a súa / nosa Terra do profundo. De namorar de Xosefina, aquela mociña de Lamas de Trabancas, ao pé do Farelo, que era, é, “unha dozura, vizte”. Na data penúltima do mes de xuño díxonos abur abur dende os pentagramas da ledicia, da formación, da Música, cara á outra correioira dos destinos de por vida. Un día de hai ben tempo, mandoume, en carta manuscrita: “a Xunta ofrécenos unha axuda económica, de subsistencia; na nosa casa agradecemos, pero non a aceptamos; por acaso nalgún tempo que nin se sabe tamén sexa necesaria aí para vostedes”. Profeta Evaristo, descansa e *toca* algunha que outra vez as grandes pezas de solista, no Pórtico da Groria de Mateo, nas gándaras d'Agolada e de Melide, no mar de Cangas, no confín do mundo, para que medre o sorriso.

Xosé Vázquez Pintor